

**CONCELLO DE PONTEAREAS****BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE MAIORES 2020**

MARÍA JESÚS GARROTE REPRESAS (1 para 1)  
2º Tenente de Alcalde, por substitución  
Data de Sinatura: 07/02/2020  
HASH: ce16a33619c2c9b8114d256c3c6596179

**1.- INSCRICIÓN**

Poderán participar no concurso de disfraces de maiores, que terá lugar o luns, día 24 de febreiro de 2020 na Praza Maior e en caso de choiva se trasladará ao Auditorio Municipal de Ponteareas, todas as persoas ou grupos cunha idade mínima de 13 anos. Os interesados en participar anotaranse no espazo habilitado con tal fin na Praza maior, a partir das 19:00 horas.

No momento da inscrición, os participantes menores de idade deben presentar unha autorización asinada pola nai/pai/ titor legal na que se autorice a participación e para poder fotografar ou gravar imaxes do menor para difundir por redes sociais.

Os participantes deben asinar un documento para que o Concello de Ponteareas poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, nin coas axencias tributarias estatal (AEAT) e autonómica (ATRIGA). Así mesmo, os premiados deben entregar no prazo de 5 días a ficha de terceiros do Concello debidamente cumprimentada.

O número máximo de participantes será de 40 persoas.

**2.- PREMIOS**

As persoas participantes deberán esperar disfrazados ao remate do concurso, para comunicarlles a deliberación do xurado.

Establécense os seguintes premios:

- o Primeiro premio: un premio en metálico por valor de 300 €
- o Segundo premio: un premio en metálico por valor de 200 €
- o Terceiro premio: un premio en metálico por valor de 150 €
- o Cuarto premio: un premio por metálico por valor de 100 €
- o Quinto premio: un premio en metálico por valor de 75 €
- o Sexto premio: un premio en metálico por valor de 50 €.



Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 900.-euros, concederanse con cargo á partida 33000-4802009 do orzamento municipal do ano 2020.

Estas premios están suxeitos ás correspondentes retencións, agás no caso que corresponda exención.

Estes premios son compatibles con calquera outra axuda pública para a mesma fin.

### **3- ÓRGANO COMPETENTE**

O órgano competente para a ordenación e instrución será o departamento de eventos/cultura. Unha vez visto o fallo do xurado, e visto o informe emitido polos traballadores do Concello, o Alcalde ou a persoa en quen él delegue resolverá sobre o resultado final do mesmo indicando as cantidades que recibirá cada participante.

### **4- XURADO**

O xurado estará integrado por persoas de asociacións culturais e persoas vinculadas coas asociacións participantes nas actividades de Entroido e un/unha traballador/a do Departamento de Cultura do Concello de Pontearreas, que actuará como secretario con voz pero sen voto.

O fallo do xurado será inapelable e adoptarse por maioría simple.

### **5.- VALORACIÓN**

O xurado valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelable.

### **6.- PUBLICIDADE**

Estas bases serán enviadas a Base de Datos Nacional de Subvencións, publicarase un extracto no BOP de Pontevedra e tamén se publicarán na web do concello e no taboleiro de anuncios.



## 7.- DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases.

Queda prohibido o uso de materiais pelagrosos que poñan en perigo a integridade dos presentes.

O Concello non se fará responsable dos danos ocasionados antes, durante e despois do concurso nin os ocasionados ou sufridos por actitudes negligentes e/ou imprudentes dos participantes

(asinado electronicamente)



